


Moodle 3.3

Manual para o profesorado editor de cursos

1. Aspectos xerais de Moodle Como moverse en Moodle

A navegación entre os cursos e as seccións principais de Moodle realízase a través do **Menú de navegación**, situado no lateral esquerdo. Desde el pódese cambiar dun curso a outro. Dentro dun curso aparece tamén o **Menú de navegación do curso**. Desde a icona de administración, situada na esquina superior dereita, o profesor pode xestionar a súa materia ou os seus *Recursos e Actividades*, xa que ao acceder a calquera deles, este menú recolle as ferramentas para configuralo e administralo. Outro elemento que facilita a localización e o movemento é a **Barra de navegación**. Por último, todas as opcións relacionadas co usuario están dispoñibles no **Menú de usuario**, na esquina superior dereita.



Elementos de navegación en Moodle

Menú superior

Contén os seguintes menú despregables:


- **Notificacións.** Mostra as notificacións recentes e permite acceder ás preferencias das mesmas.
- **Mensaxes.** Mostran as mensaxes recentes. Permite enviar unha nova mensaxe.



Menú de usuario


Este menú proporciona un acceso rápido á información persoal:

- **Área persoal.** Dá acceso á páxina principal.
- **Perfil.** Mostra o perfil de usuario.
- **Cualificacións.** Acceso ás cualificacións de todos os cursos do usuario.
- **Mensaxes.** Acceso á consulta e xestión de mensaxes persoais.
- **Preferencias.** Permite modificar a configuración de distintos elementos da contorna para o usuario.
- **Saír.** Serve para saír de Moodle de forma segura.
- **Cambiar rol a...** Dentro dun curso permite visualizalo con outro rol distinto.



Barra de navegación

Está formada por ligazóns e serve para situarse e desprazarse na contorna. Mostra dentro dun curso, por esta orde, o panel de control, os meus cursos e, por último, o nome curto que o identifica. A medida que se navega polas ferramentas e contidos do curso, a barra de navegación cambia, permitindo saber en que pantalla se atopa e facilitando o regreso a páxinas anteriores pulsando sobre a ligazón á que se quere volver.



Menú de navegación


Componse de:

- **Panel de control.** Dá acceso á páxina persoal, na que por defecto aparecen os cursos aos que ten acceso e o estado das actividades que hai neles.
- **Inicio do sitio.** Dirixe á páxina principal da contorna.
- **Calendario.** Presenta todos os eventos do usuario nos seus distintos cursos.
- **Ficheiros privados.** Cada usuario conta cun espazo privado para almacenar ficheiros de traballo que pode utilizar desde calquera das súas materias.
- **Os meus cursos.** Mostra as materias ás que se ten acceso.



Ao acceder a un curso, aparece o Menú de navegación do curso, mostrando as opcións:

- **Participantes.** Presenta a lista de usuarios do curso.
- **Competencias.** Engádense competencias ao curso.
- **Cualificacións.** Mostra as cualificacións do curso.



Icona de administración

A icona de administración desprega as principais opcións de configuración e xestión do curso. Pulsando en “Máis...” accédese á totalidade delas.

A configuración principal do curso realízase en “Editar configuración”.

Ao acceder a unha *Actividade* ou un *Recurso* a mesma icona desprega as opcións de configuración e xestión propias do elemento. Por exemplo, se se accede a unha tarefa, a icona desprega opcións propias, como *Cualificación avanzada* ou *Descargar todas as entregas*.

Algunhas das opcións que se presentan son propias de cada actividade, mentres que outras, por exemplo, “Editar axustes” ou “Permisos”, son comúns a todas.

